

Concepción Vilas Cantelar, secretaria accidental do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 5 de xaneiro de 2017, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

"PUNTO SEGUNDO.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS OBRAS DE REPARACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO CEMITERIO MUNICIPAL DE AMES. PAI 2016.-

O señor alcalde informa á Xunta de Goberno Local da lista por orde decrecente da puntuación e proposta de adxudicación que formula a mesa de contratación no procedemento aberto para a adxudicación das obras de "reparación e acondicionamento do cemiterio municipal de Ames". PAI 2016.

O acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar e aos demais participantes no procedemento de contratación.

Unha vez presentada polo clasificado en primeiro lugar a documentación establecida no artigo 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, resulta procedente adxudicar a obra.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Adxudicar a realización da obra de "reparación e acondicionamento do cemiterio municipal de Ames" á empresa **COPCISA, S.A.** con CIF A-08190696, e nas seguintes condicións:

A.- Prezo: O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de douscentos oito mil douscentos noventa e nove euros e trece céntimos **(208.299,13.- euros)** sen IVE.

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende a contía de corenta e tres mil setecentos corenta e dous euros e oitenta e dous céntimos **(43.742,82.- euros)**

C.- Prazo de execución: O prazo de execución do contrato será de **3 meses**, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

D.- Nomear como director de obra e coordinador de seguridade e saúde da obra de reparación e acondicionamento do cemiterio municipal de Ames ao arquitecto Paulino Sánchez Chao.

E.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Segundo.- Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado."

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do señor alcalde en Ames, a cinco de xaneiro de 2017, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe

O alcalde

José M. Miñones Conde

A secretaria accidental